



## *Encarnación Rivas (Agosto de 2010)*

*Querido Monforte.*

*Queridos monfortinos todos.*

*Equirocouse o Alcalde. Equirocábase.*

*Equirocouse o Alcalde, porque eu non son a Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia.*

*Hoxe, aquí, diante de todos vos, eu son Encarnita.*

*A pequena de Rivas.*

*A filla de don Avelino e de dona Carmina.*

*Pero ben.*

*Non vou polemizar.*

*Que logo haberá quen quere verá soterrada nas miñas verbas unha especie de disputa política.*

*E nada máis lonxe da miña intención.*



*Cando chamoume o Alcalde, trasladándome a invitación municipal para facer este pregón, a miña sorpresa foi enorme.*

*Sorpresa logo seguida dunha sensación de rubor, de non ser merecente deste grande honor.*

*Eu deixei de vivir en Monforte alá polo o ano 80, cando fun estudar Arquitectura á Coruña.*

*Ven lonxe estaba eu daquela de pensar que trinta anos despois estaría hoxe convosco neste escenario.*

*E neses trinta anos, moitas son as cousas que aconteceron nas vidas de todos nos.*

*Anos nos que eu nunca volvíñ.*

*Nunca volvíñ, porque nunca me fun.*

*E aquí estou, máis vella, con arrugas, algunhas que me chegan ata a alma.*

*Pero, como diría o Sabina, aquí sigo, igual de lambida e igual de parrandeira.*

*E, desde logo, coa mesma ilusión de sempre por vivir a vida.*

*Non podo máis que agradecer ao ceo todas as bendicións que me enviou, aínda que*



*esas estean fóra de Monforte.*

*E por riba de todas elas, o meu home e os fillos.*

*De seguro, algo terá que ver a protección e o amparo do manto da nosa patroa a Virxe de Monserrat, cuxo Neno luce no pulso a escrava que a miña nai lle puxo tan fervorosamente anos atrás, para encomendarme a Ela nun problema de saúde.*

*E como ben vedes, Ela non defraudou a súa confianza.*

*Din por aí que un é de onde son os seus fillos.*

*É certo.*

*Así o testemuña a vida dos meus pais.*

*Mais non é menos certo, que un é de onde están enterrados os seus mortos.*

*Xa que logo, me leve por onde me leve a vida, non hai dúbida de que eu son de Monforte.*

*E algún día hano de ser os meus fillos.*

*Veña por onde veña a Monforte: dende Ourense, dende Chantada, dende Lugo... cando chego ao alto, e miro ao fondo o castelo de San Vicente, sinto, máis que*



*nalgures, que chego á casa.*

*Que estou na casa.*

*E penso que ese sentimento de confianza total, de seguridade, é o que define a sensación de pertenza a un lugar.*

*Para min, Monforte é o edificio da Zona, onde nacín atendida pola nosa benquerida Blanquita.*

*Monforte é o brilé xogado no medio da rúa; só, moi de cando en vez, interrompido cando viña algún coche.*

*Monforte é a mariola, o saltar á comba ou á goma; xogos nos que, modestia aparte, eu era toda unha campiona.*

*Monforte é o quiosco de Vitoria pintado de vermello, onde comprábamos os chiclets Nina cos cromos coleccionables; os chupas Kojac con tatuaxe; os kengos de 10 a unha peseta.*

*Monforte é a calor.*

*O verán na rúa.*



*A chamada a comer e a cear feita dende a fiestra da casa.*

*Monforte é ir ao campo de Saco, toda unha excursión rúa arriba, máis ben unha expedición comandada pola madriña Encarna cos catro irmáns seguindoa, para ir merendar á casa de D<sup>a</sup> Heminia e D. Pedro Saco o bocadillo de manteiga con azucre.*

*É deslizarme polo pasamáns de cemento da escada exterior, onde deixaba a xiróns os lazos das braguiñas de perlé, nun tempo no que os nenos podían mucharse e mancarse con toda a naturalidade.*

*Monforte é o meu irmán Avelino e os safaris remotos con él ata o regueiro, onde colliamos e diseccionábamos rás, nun tempo no que os animais non contaban cunha sociedade protectora.*

*Monforte é a vía do tren ao final da rúa, onde colocábamos as moedas e os cravos para esmagalos; nun acto de valentía, que logo me decatei que máis ben era inconsciente temeridade.*

*Monforte é chegar á casa, co ramo de flores máis fermoso que nunca mirei nin*





*mirarei.*

*Un ramo, que os catro irmáns preparamos, con toda a ilusión e o cariño do mundo,  
para agasallar á nosa nai.*

*Pensando que ela quedaría abraida, que ía comernos a bicos.*

*Mais que, incomprensiblemente, mamá recibíuno non con agarimo, senón con berros  
abafantes.*

*E todo, porque o ramo fixésemolo... ¡coas polas floridas dunha maceira!*

*Para min Monforte é, sobre todo, este campo de San Antonio.*

*E obvio, que o Alcalde se equivocaba outra vez, porque non nos atopamos na praza  
do Concello.*

*Todos nos o sabemos: isto é o campo dos nenos do Colexio San Antonio.*

*Pecho os ollos e véxome co mandilón rosa de priegue dianteiro, con aquel colo duro  
de plástico branco, que tan insoprible era cando chegaba a calor, suxeito co lazo  
de veludo azul que eu non era quen de que se mantivera atado.*

*Cos dous petos que tiñan a estraña tendencia a engancharse en todas as esquinas e*



*a estar sempre descosidos, mesmo rachados.*

*Ainda que teño que recoñecer que iso só lles pasaba aos meus, porque para a miña sorpresa e desgraza, os da miña irmá Carmina mantíñanse sempre impolutos.*

*Estou a ver o mesmo colexio de grandes fiestras, aínda que agora sen os rebordes de ladrillo vermello.*

*Recórdome deste campo de xogo dos nenos. Aínda que as nenas non ousabamos acercarnos por aquí dende o noso campo, como se fosen dous mundos diferentes; nuns tempos que non se falaba de paridade nin do politicamente correcto.*

*Recórdome formando en grandes filas para entrar e saír.*

*Recórdome do mes das flores en maio.*

*E penso, en todas as mestras e mestres e as súas primeiras ensinanzas: o respecto polos demais, a ilusión pola aprendizaxe, a disciplina, a paixón polo estudo, a obriga do traballo e o pracer do deber cumprido:*

*D<sup>a</sup> Lucinda Encinar,*

*D<sup>a</sup> Sara Cao,*



*D<sup>a</sup> Rosina, D<sup>a</sup> Ana, D<sup>a</sup> Otilia,*

*D. Ramón, D. Rogelio, D. Salvador.*

*Penso nas reprimendas da miña nai, que como mestra xa se decataba no colexio dalgunha das miñas falcatruadas.*

*¡Acusicas barrabás! pensaba eu entón desas mestras chivatas.*

*Ainda que esas falcatruadas, a verdade, as máis das veces limitábanse a falar e falar sen pausa, con todo o que estivera derredor, preto ou lonxe, cun impulso que eu sentía irreprimible.*

*E ben vedes, que hoxe sigo igual de laretas.*

*¡Que algún defecto hai que ter!*

*E cómo non.*

*Recórdome dos recreos.*

*Estou vendo alí mesmo o quiosco onde comprábamos os marmelos verdes.*

*E máis atrás, a Anxelina e as galletas maría a granel.*





*E sobre todo, recórdome do enorme cartucho de recortes que conseguíamos por unha peseta no torno do convento das madres clarisas.*

*Puntualizo: unha peseta e un Ave María Purísima, sen pecado concibida.*

*E de seguido, o Instituto.*

*Tanto me teño recordado logo dos meus profesores, ao longo da vida e do exercicio da miña profesión.*

*Recórdome da profesora Acevedo, que nos amosou a importancia da capacidade de análise da información.*

*De D. Agapito, admiradísimo profesor de matemáticas, sen dúbida a miña materia predilecta, que tanto contribuíu a desenvolverme a capacidade de razoamento; e que se cadra tamén tivo algo de culpa do meu carácter cartesiano.*

*De D. Secundino. E de D. Luis López Grillé, que agudizou aínda máis o meu gusto pola literatura.*

*E sobre todo, recordo a D. Antonio Campaña, claro culpable da miña elección e vocación pola Arquitectura.*



*Arquitectura, na que din os primeiros pasos co noso lembrado Carlos Mejjide. E que logo, pola forza do destino, viraría cara ao Urbanismo ata hoxe, que como grande paixón profesional, tráeme ante todos vos.*

*Monforte, como dixo o poeta, é a miña patria porque é a miña infancia.*

*Monforte é a Mezquita, a parra, a fanta de laranxa con dous vasos para compartir cun irmán; as olivas, as patacas fritas, e as partidas de dominó.*

*Son os paseos cos pais e os irmáns, Cardenal arriba, Cardenal abaixo, vestida de domingo, impecable, toda de branco, con guantes e sombreiro, e sen esquecer nunca o máis importante: o colar de bolas de cristal de todas as cores.*

*Monforte son as primeiras amigas: Elena, Pili, Rosa, Yolanda, Marisela, Carmen.*

*Elas foron o comezo da percepción da amizade como o centro do meu universo persoal, da pedra angular da miña existencia.*

*Monforte son as cañas e a torta de biscoito de La Pimienta.*

*E inda agora, de súpeto, penso nelas e fáiseme a boca auga.*



*Nunca poderei atopar uns sabores mellores que eses.*

*Monforte é a miña boda nos Escolapios.*

*Pero sen dúbida, Monforte é moito máis que pasado.*

*Ainda que ese pasado estea tan vivo e tan presente como eu o sinto.*

*Monforte é futuro, o futuro que entre todos nós imos construír.*

*É a terra chea de boas xentes e grandiosas paisaxes.*

*É o centro dunha fermosísima comarca, cun patrimonio arquitectónico, etnográfico, natural e cultural extraordinario.*

*É un conxunto monumental que segue sen gozar de todo o recoñecemento que merece; e para o que todos temos que servir de embaixadores entusiastas.*

*Unha terra que hai que mirar e admirar.*

*E que ¡ai está!*

*¡Ai está vendo pasar a historia!...*

*E vendo como facémonos vellos moito máis rápido que nos facemos sabios.*



*Pasa a vida.*

*E nos pasamos con ela.*

*Pensando en ocasións, que o futuro é o único que importa. Mais o futuro engana sempre da peor das formas, porque fai crer que algo pode chegar.*

*Outras veces mirando demasiado para atrás, sendo escravos do pretérito, mesmo dos rancores, coa soberbia do que puido ser e non foi. E esquecemos que o que máis importa, o único talvez, é o presente.*

*Invítovos a vivir cada minuto, porque ningún será igual que este. Este.*

*Pensade nos agostos que quedaron atrás, pero non vos atedes a eles.*

*Pensade nos agostos que quedan, pero non apostedes nada ao seu favor.*

*Agosto sempre é da cor do cristal con que se mire.*

*Somos nós os que construímos, día a día, a nosa felicidade.*

*Bebede o día, comedede o día, de tres en tres bocados.*

*Escapade dos intolerantes, pero escoitade sempre aos que vos critiquen lealmente.*



*Escapade dos rancorosos, dos cínicos, dos hipócritas, dos adaladores, dos amargados.*

*Pero non escapades dos que vos aman, porque eses son os únicos imprescindibles, os que vos enganchan á vida.*

*Os que nos aman como somos, así, tan defectuosos.*

*Coas nosas grandezas e debilidades, coa nosa forma de ser e o noso carácter, coas nosas teimas e obsesións.*

*Estamos a tempo de non dar todo por perdido.*

*Non poden gañar os malos tempos, o desánimo.*

*Non podemos fundirnos no escepticismo e na falla de horizontes dunha crise inacabable.*

*Saíde na procura dunhas festas que sexan as mellores da vosa vida.*

*Porque a tristeza e o gozo viven en nos.*

*Tantas festas vividas... e tantas por vivir. En agosto, festeando.*

*É ben sabido que hai un galego na lúa.*





*Á máis, nós, sabemos que ese galego é de Monforte.*

*"Os que somos de Monforte non o podemos negare.*

*Na cara se nos coñece, polos airiños do Cabe".*

*Máis nada. Só agradecer outra vez ao concello de Monforte que me concedera o grande honor de ser hoxe a pregoeira das festas patronais do meu pobo.*

*Gracias a todos os presentes, polo voso agarimoso acollemento.*

*E gracias, por riba de todo, aos ausentes.*

*Vai por ti, papá.*

*Encarnación Rivas*

*Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia*